

## **Lectura social. Sociedade lectora**

### **Ricardo de la Torre**

Dentro da xuntanza co eixo temático “Lectura social. Sociedade lectora”, e daquelas actividades dos clubs que tenden a socializar a experiencia lectora, presentáronse, nun primeiro momento, dúas experiencias:

### **LemosXuntos, enredando versos**

Baixo este subtítulo, en dúas partes e dous tempos, douse conta destas actividades, basicamente cunha mesma intención: xuntarse para compartir, enaltecer e soste a lectura como un pilar básico dentro da cotianidade. E nese pilar, a colaboración entre familias, escolas e bibliotecas é sabido que é fundamental para desenrolar o hábito lector e visibilizar a “normalidade” da lectura, e por extensión das actividades culturais, non como un luxo, senón como actos necesarios para o desenrolo persoal e da sociedade no seu conxunto.

A primeira das actividades ten un carácter máis local e teñen participado ademáis das comunidades educativas dos distintos centros, outras entidades; a segunda é tamén unha actividade intercentros, pero agora de distintas localidades e tomando un aspecto máis concreto, achegarse á poesía actual dentro da programación de área. Os dous proxectos xurden dentro das actividades das bibliotecas e dos clubs de lectura dos centros integrantes. Nun caso, *LemosXuntos* é unha actividade máis puntual, 12 e 13 de abril de 2012; noutro, *Enredando versos* xurde, neste curso 2012-2013, dentro dun grupo de traballo con actividades que se comparten, pero que tamén se desenrolan na programación de aula de materia e trata de visibilizar ese traballo máis alá da aula. O compoñente social e de chegar aos demais para xerar “normalidade” arredor da lectura está presente nos dous proxectos.

Destas experiencias de socialización da lectura de organización intercentros e de colaboración con outras entidades pode verse información na rede nas páxinas destas experiencias, **LemosXuntos** (<https://sites.google.com/site/lemosxuntosanxenxo/home>) e **Enredando Versos** (<http://enredandoversos.blogspot.com.es>); tamén na Asesoría de Bibliotecas Escolares (<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/443>) ou nas redes sociais Twitter e Facebook.

## Posta en común

Dun segundo momento, no apartado de intercambio de experiencias e suxestións, destácase:

- A ampliación da información sobre outra das actividades mostradas como exemplo no citado no relatorio, *Tui le*, no que participan todas as bibliotecas escolares do concello e as municipais de Tui e Valença e que o 23 de abril, deste 2013, acadou a súa IV edición. Máis información na páxina da biblioteca do IES San Paio,

*<http://bibliosanpaio.blogspot.com.es/2013/04/23-de-abril-en-tui.html>*

E así deron conta do encontro os informativos da CRTVG

*<http://www.crtvg.es/informativos/tui-le-na-praza-de-san-fernando-no-dia-do-libro-572629>*

- Doutras actividades de colaboración de clubs con outras entidades e noutros concellos, Betanzos, Guitiriz...
- A reflexión sobre o papel dos clubs e as actividades culturais.
- A importancia de achegar á aula as dinámicas que se sabe por experiencia que funcionan ben co alumnado e os participantes dos clubs de lectura.
- Suxestión para que se incorpore e continúe a experiencia da V Xornada de CL na que estiveron presentes non son os coordinadores, senón tamén representación dos distintos sectores integrantes destes clubs.